

A educación sexual no novo milenio: obstáculos e retos

María Lameiras Fernández ¹ e María Victoria Carrera Fernández ²

Universidade de Vigo. Facultade de CC. da Educación. Campus de Ourense. ¹ E-mail: lameiras@uvigo.es. ² E-mail: mavicarrera@uvigo.es

Resumo: Neste traballo expóñense os principais elementos que caracterizan o modelo actual de educación sexual e que se reflicten na realidade educativa diaria, tanto formal como non formal; así como aquelas características das intervencións de educación sexual que serían desexables e cara ás que debemos encamiñar os nosos esforzos. Para terminar, expóñense dúas intervencións de innovación educativa, levadas a cabo polo noso grupo de investigación, que poden ser enmarcadas dentro do desexable modelo integrador de educación sexual: "Da universidade á aula" e "Experiencias de estudantes con radio, televisión e webs". Ámbalas dúas levadas a cabo como prácticas optativas con alumnos e alumnas da materia de *Psicoloxía da Sexualidade na titulación de Psicopedagogía*, durante os cursos académicos 2003-2004 e 2005-2006 respectivamente.

Palabras chave: Sexualidade, modelos de educación sexual, construtivismo, innovación.

Title: Sex education in the 21st century: obstacles and challenges.

Abstract: In this article we discuss the main obstacles to sex education, still present at the beginning of the 21st century both in Spain and abroad. Moreover we present some suggestions for the direction sex education programmes should take in the future. The main challenges involve: encouraging an attitude of growth, approaching sexuality from a social perspective, and fostering a shift in the current power structure which exists between men and women. We propose that a holistic sex education programme be designed and implemented, one which is more democratic, tolerant, and open-minded than most existing programmes. In the end we present two innovation experiences designed and implemented from a holistic sex education.

Key words: Sexuality; sex education models; holistic model; innovation.

Modelo actual de educación sexual

A coexistencia do modelo moral-conservador e de riscos configura o marco actual no que se desenvolven experiencias de educación sexual. Tres son as principais características deste modelo: *permissivo, sanitarizado e orientado á reprodución social*.

Unha actitude permisiva

Tras varias décadas caracterizadas por numerosos cambios sociais (evolución dos costumes, industrialización, incorporación das mulleres ao mundo laboral,

planificación familiar, ou aparición de enfermidades de transmisión sexual (E.T.S.) como o VIH/SIDA percíbese un cambio de actitude, pasando da anterior prohibitiva do modelo moral, a unha máis permisiva, a través do modelo de riscos; cambio que a primeira vista pode parecer radical, pero que se analizamos en profundidade é unha cuestión máis ben de forma que de fondo. Así, o que antes non se quería abordar, o tabú, é xa inevitable, e empeza a ser urxente, e como xa defendía Rosseau no século XVIII a forma de achegarse a el pasa polos criterios de heterosexualidade e reprodución. Pásase dunha actitude prohibitiva a unha actitude permisiva, igual de mala ou desaconsellable que a anterior. Pásase do que Amezúa (1978) denomina "educastración" á "deseducastración", é dicir, dunha actitude negativa, restritiva e nefasta da dimensión sexual humana (prohibitiva), a unha actitude menos negativa, menos restritiva e menos nefasta (permisiva). Esta permisividade é o xeito máis adecuado de afirmar a prohibición como pano de fondo, xa que cando algo se permite é indubidablemente porque está prohibido. Así, os fillos/as daquela xeración que intentou por todos os medios separar o sexo da idea de prohibición son os que o utilizan como principal adxectivo nun gran número de miserias (Amezúa, 1999a; De La Cruz, 2003; Malón, 2003, 2004). Esta é a actitude na que se enmarca a sexualidade e a educación sexual: Unha actitude permisiva que continúa desligando a dimensión sexual humana da súa complexidade e riqueza, que a restrinxen á reprodución, a xenitalidade e a hixiene.

Unha educación sexual sanitarizada

Esta actitude permisiva, menos mala que a anterior ou se se quere menos boa do que nunha primeira análise pode parecer, articúlase de acordo a unhas normas: "Podedes gozar do pracer mentres o fagades de forma hixiénica, sen riscos e con seguridade". Desta forma a educación sexual foi absorbida pola educación para a saúde, pola prevención e a asistencia (Amezúa, 2001); destaca un modelo de educación sanitarizado, centrado na prevención de riscos, que promove un modelo de sexualidade reduccionista, e como tal coital e xenitalizada (Oliveira, 1998).

Este modelo médico prevencionista e asistencial adquire tamén tinguiduras moralistas típicas do modelo moral ou represivo, e dunha forma non tan diferente aos séculos pasados converte a sexualidade en fonte de medo, dor, castigo, culpabilidade e perigo social. Así, baixo a "hexemonía da saúde", ampárase un modo particular de facer educación sexual. Pero, de que saúde estamos falando? Os organismos internacionais consideran a saúde como o pleno desenvolvemento persoal e social e non só como a ausencia de enfermidade, pero convén ler máis aló desta definición integral que a maioría das veces é unha cuestión máis ben de forma que de contido. Neste sentido, tras esta concepción ampla de saúde, cando afondamos nos obxectivos e actividades propostos por estes organismos, comprobamos que estas palabras se converten en pura retórica que baixo outra aparencia continúa situada naquela definición inicial de saúde (Saúde como ausencia de enfermidade). Para Amezúa (1999b) a Organización Mundial da Saúde confunde a educación coa práctica asistencial, sobre todo no que a educación sexual se refire.

Esta obsesión pola saúde, e máis concretamente pola saúde sexual foi potenciada nos nosos días pola aparición da infección V.I.H./SIDA, que contribuíu, sen dúbida ningunha, a esta medicalización do sexual, converténdose nunha arma arreboladiza de todos aqueles grupos conservadores para sinalar a

outros grupos minoritarios e facelos responsables da súa propia "desgraza", do seu castigo por transgredir as normas convencionais. Aludíuse así, e séguese aludindo, aos factores individuais como os únicos importantes no control da enfermidade, esquecendo outros tanto ou máis importantes como son os sociais, os culturais ou económicos e descargando toda responsabilidade, e de paso sexa dito, toda culpa nas persoas contaxiadas (Vance, 1991). Fronte a esta situación debemos recordar que a sexualidade non é unha enfermidade, senón unha dimensión da persoa que necesita ser educada, cultivada en toda a súa complexidade e magnitude.

Por outra banda, estudar a educación sexual dentro do marco máis amplo da educación para a saúde leva unha serie de riscos que evidencian que este modelo non é o máis adecuado. Algúns destacables son a bioloxización da sexualidade, que supón equiparar sexualidade con coito, reducila aos órganos xenitais e sobredimensionar a súa función reprodutora fronte a outras como o pracer ou a identidade. Froito do anterior, deféndese e preséntase como único modelo válido unha sexualidade heterosexual e xenitalista, lexitimando un só tipo de sexo: o da parella heterosexual, monógama e lexitimada; e négase ou silénciase a sexualidade feminina, pois ao ser a reprodución a función máis valorada, o clítoris, principal órgano do pracer feminino, non forma parte dos contidos prioritarios. Non se estuda a dimensión sexual humana, senón o coito e as avarías no seu funcionamento, o "locus genitalis" eclipsa a complexidade da dimensión sexual humana, e a sexualidade convértese en sexo que se fai, nunha necesidade que se satisfai dun modo concreto. Neste sentido unha das prácticas máis estendidas en educación sexual é a de recomendar o preservativo, darlle publicidade ou adestrar no seu manexo, o que non fai máis que potenciar un gran empobrecemento do feito sexual en si mesmo, do "ars amandis" e un fortalecemento da xenitalización (Amezúa, 2001).

Este bioloxicismo evidénciase en España pola inclusión da maior parte dos contidos de educación sexual nas áreas de Bioloxía e Ciencias da Natureza, restrinxindo as achegas da Psicoloxía, a Pedagogía, a Antropoloxía, a Socioloxía ou a Historia. Ao intentar explicar a dimensión sexual humana desde unha soa disciplina prodúcese unha "colonización" máis vinculada á ideoloxía da represión que á ciencia (Barragán, 1997, p.52).

Outros riscos derivados deste falso naturalismo son os de equiparar a sexualidade humana con outras funcións biolóxicas humanas, hábitos ou condutas mecánicas ou repetitivas, tales como facer a dixestión ou menstruar, lavar os dentes ou ata manter unha hixiene sexual adecuada; pois mentres non existe ningunha regulación social que nos impida almorzar ou nutrirnos si que existe un forte control social da nosa sexualidade, que ten un carácter convencional e arbitrario (Barragán, 1995b). A sexualidade e ata a problemática da SIDA non deben ser tratados como o tabaquismo, o colesterol, a vida sedentaria, o alcoholismo, ou a obesidade, xa que teñen un forte compoñente relacional do que estoutras cuestións carecen.

En definitiva, o currículo convértese no espazo idóneo no que incluír programas de educación sexual que inclúen estes elementos cun forte carácter fundamentalista (Barragán, 1997).

Neste sentido, a educación sexual dentro do marco máis amplo da educación para a saúde que hoxe se practica, utiliza o medo como principal recurso para a aprendizaxe. Un medo que leva ao desencontro e a desconfianza de todo o que

vén do outro; un medo, en definitiva, que é máis o medo adulto que o de mozos/as e adolescentes. Medo adulto non só á problemática derivada da relación sexual, senón á sexualidade adolescente en si mesma. Na actualidade, este paternalismo asistencialista, esta insistencia na protección sen concesións da saúde, revela máis o que obsesiona aos maiores, que o que de feito interesa aos/as adolescentes. O resultado non é axudar aos/as novos e adolescentes a afrontar a súa sexualidade con realismo e calma, senón todo o contrario: Crear xoves acrícticos e irreflexivos, sumisos e impresionables, que non son máis que meros receptores do medo e as inquietudes adultas.

Unha educación sexual para a reprodución social

A terceira premisa que caracteriza á educación sexual é a súa instrumentalización como ferramenta para a reprodución social, como mecanismo de poder. Nesta liña son moitos os autores que denuncian que os criterios de selección de contidos no currículo non son nin moito menos asépticos (Torres, 2006), sobre todo cando se refiren á sexualidade humana. Así, non existen grandes problemas en establecer o currículo de matemáticas ou de lingua, pero non ocorre o mesmo cando se fai o de sexualidade humana. Desta forma a administración educativa, os/as educadores/as, os pais/nais non poñen reparo cando se educa aos seus fillos/as en matemáticas ou en lectoescritura, máis ben ao contrario, pero si o fan cando o que se pretende é educar a súa dimensión sexual. Por iso, cando isto se fai aténdese a un modelo silenciador que reproduce determinados aspectos, e silencia ou condena outros.

As autoridades educativas utilizan xustificacións absurdas para non incluír algúns aspectos importantes da dimensión sexual no currículo, baseadas no recente dos descubrimentos sexuais ou na sobrecarga de aspectos a tratar; os cales non deixan de ser falsos, pois as teorías sobre a reprodución e as da orientación sexual xorden na mesma época histórica e as primeiras inclúense, mentres que as segundas non; en canto á sobrecarga inclúense temas de educación viaria, educación ambiental, educación para a saúde ou educación para o consumo, pero non se inclúe da mesma forma a educación sexual. Ademais, contidos de sexualidade excluídos do currículo tales como a homosexualidade axústanse aos intereses dos alumnos/as, á adecuación ás súas necesidades e desenvolvemento cognitivo e á conveniencia do seu tratamento ou necesidade do seu coñecemento. Con todo, non se axusta ao criterio de convencionalidade e consenso, o que demostra que esta selección de contidos non é todo o obxectiva que nos queren facer ver. Os procesos "tecnolóxicos" de selección de contidos disfrazan aos "ideolóxicos" (Barragán, 1990, p.103), a selección de contidos non se fai á marxe dos valores sociais e culturais; o obxetivismo e cientificismo na selección de contidos constitúe un instrumento, unha falacia do capitalismo para reproducir unha concepción conservadora, moralista e sexista das relacións sexuais.

Prodúcese así o fenómeno de reprodución cultural, onde os recursos didácticos son un filtro de selección daqueles coñecementos e verdades que coinciden cos intereses das clases e grupos sociais dominantes (Torres, 2006). Os que interesan, promóvense, e os que non, siléncianse. O discurso do poderponse ao servizo deste instrumento de dominación, amparado en aspectos antes sinalados talles como a excesiva preocupación pola promoción da saúde, a estreita asociación entre sexualidade e enfermidade, e o enfoque preventivo e do medo como forma principal de persuasión (Barragán, 1995a).

Foucault (1978, p.48-49) incidiu na relevancia e natureza deste discurso do poder e sinalou: "Seica a posta en discurso do sexo non está dirixida á tarefa de expulsar da realidade as formas de sexualidade non sometidas á economía estrita da reprodución: Dicir non ás actividades infecundas, proscribir os praceres veciños, reducir ou excluír as prácticas que non teñen a xeración como fin? (...) Toda esa atención charlatana coa que facemos ruído en torno da sexualidade desde hai dous ou tres séculos, non está dirixida a unha preocupación elemental: Asegurar a poboación, reproducir a forza de traballo, manter a forma das relacións sociais, en síntese: montar unha sexualidade economicamente útil e politicamente conservadora?"

Cara a onde dirixirnos?

Fronte a este modo de desenvolver experiencias de educación sexual, baseado na combinación de un modelo moral-conservador e de riscos ou preventivo, debe evolucionarse cara a un modelo integrador e democrático, tamén coñecido como modelo biográfico e profesional. Este modelo xorde como a alternativa máis plausible e de maior apoio científico. Parte da premisa de que a educación sexual non só é un dereito de nenos/as e mocidade, senón que é un feito incuestionable (Amezúa, 1999a). Asume unha actitude de cultivo, aborda a sexualidade desde unha perspectiva social e persegue a transformación das actuais estruturas de poder-submisión entre ámbolos dous sexos, potenciando a valoración positiva da diversidade.

Unha actitude de cultivo

O primeiro paso para unha verdadeira transformación do modelo de educación sexual que existe actualmente pasa por evolucionar da actitude da prohibición/permisividade á actitude de cultivo adoptada polo modelo integrador. Non se trata de pór de relevo que xa se pode falar de sexualidade e facelo dunha forma anecdótica e descontextualizada, atendendo ao urxente e restrinxindo a sexualidade á prevención de enfermidades e de perigos (Amezúa, 2001); senón de abordar a sexualidade como unha dimensión da persoa que merece a pena promover e cultivar. Esta actitude de cultivo implica asumir tres premisas básicas: i) Que toda persoa humana é sexuada, é dicir que a sexualidade non é un engadido á persoa, senón unha dimensión categorial da mesma; ii) que este feito é un "filón" que merece a pena promover e potenciar; iii) e que este filón consiste basicamente en "vivenciarse" como sexuado e "expresarse" como sexuado (Amezúa, 1978). Só comprendendo a dimensión sexual será posible o cultivo da sexualidade e un "ars amandi" máis razoable, baseado no equilibrio entre a igualdade e a identidade sexual diferenciada, única e intransferible (Amezúa, 2001).

Desde a actitude do cultivo a sexualidade convértese nun valor a traballar e nunha potencialidade que todas as persoas temos e que é necesario promover. Trátase xa que logo de pasar da condena, moralización, patoloxización e da venda como ben consumible da sexualidade, ao seu estudo e comprensión.

Un coñecemento social da sexualidade

Se o obxectivo principal da educación sexual é o de crear un modelo de sexualidade liberador, crítico e emancipador que teña como última finalidade a felicidade das persoas, entón non pode ser abordada desde unha única disciplina

ou marco teórico (Barragán, 1997). Debe ser abordada desde unha óptica interdisciplinar para permitir abarcar toda a complexidade da dimensión sexual humana, sen sobredimensionar determinados aspectos (fundamentalmente bioloxistas) e restrinxir outros (sociais, antropolóxicos, psicolóxicos ou pedagóxicos). Por interdisciplinaridade debe entenderse unha vontade e compromiso de elaborar un marco máis xeral no que cada unha das disciplinas en contacto son á vez modificadas e pasan a facerse interdependentes, dando lugar ao diálogo e ao enriquecemento recíproco, e consecuentemente ás transformación das súas metodoloxías e a unha nova reformulación dos conceptos, que se organizan ao redor de unidades máis amplas.

Se a sexualidade humana se aborda dentro da educación para a saúde, e máis concretamente da promoción da saúde, como defende López (2005), entón deberá permitir explorar todas as nosas posibilidades e potencialidades como seres sexuados no canto de restrinxilas. Deberá deixarse ben claro o carácter diferencial da dimensión sexual humana e en consecuencia, partir dun concepto integral de saúde, entendida esta como calidade de vida e capacidade de cambio e transformación en busca da felicidade humana. Non entanto hai outras alternativas que inclúen a educación sexual dentro de propostas máis amplas de "educación persoal e social", tal e como ocorre en Canadá. De calquera xeito, independentemente de se se aborda desde a educación para a saúde ou para a vida, o coñecemento sexual debe presentarse como coñecemento social e non biolóxico (Barragán, 1995b).

Ao medicalizar e "bioloxizar" o coñecemento sexual, a educación sexual convértese en mero adestramento xenital e transmisión de información anticonceptiva. Fronte ao carácter bioloxista ou se se quere anatomo-fisiolóxico da sexualidade, tinguido de falso naturalismo, son moitos os autores que se encargaron de incidir no súa parte máis socialmente construída, entre eles destaca Barragán (1995a) que defendeu a necesidade de abordar a sexualidade principalmente desde as Ciencias Sociais ou Tiefer no seu suxestivo libro "O sexo non é un acto natural e outros ensaios" (1996), no que destaca que a sexualidade do mesmo xeito que a "xelatina" non ten máis forma que a do seu recipiente, un receptáculo socio-histórico conformado por significacións e normas. A educación sexual ben entendida configura un marco teórico, organizado e sistemático e non unha amálgama de anécdotas e detalles ocasionais de utilidade inmediata; fomenta as capacidades, a riqueza da dimensión sexual humana, o seu cultivo, a súa construción e deconstrución cando é necesaria, e non o consumo de sexo de forma acritica e irreflexiva (Amezúa, 1978). Nesta liña Amezúa (1999) propón pasar da tese reprodutiva e hedónica á tese da sexuación, é dicir, abordar a función de identidade ou se se quere de dimensión sexuada de forma ampla, incluíndo nela as funcións de reprodución e pracer, e non ao revés.

En definitiva, a sexualidade só pode ser comprendida e cultivada desde unha perspectiva interdisciplinar, integrando non só o coñecemento biolóxico, senón tendo en conta as achegas da psicoloxía, a pedagogía, a antropoloxía, a socioloxía ou a historia (Font, 1995). Así, demostrouse que os programas de educación sexual que mellor funcionan son os que van máis aló dunha ideoloxía prevencionista, reduccionista e anatómica, claramente xenitalizada e que pon de relevo os perigos e as miserias do sexual (violencia sexual, abuso sexual, disfunción sexual, enfermidade de transmisión sexual, disfunción sexual, e un longo etcétera das máis variadas desgrazas) (Kirby, 1997; Malón, 2003). Isto

supón unha serie de implicacións para a práctica, neste sentido os programas de prevención de E.N.D., E.T.S., V.I.H./SIDA, así como de prevención de abusos ou agresións sexuais, deben ser abordados desde programas de educación sexual globais que permitan un coñecemento máis profundo da sexualidade humana (Lameiras, 2000; 2002).

Un carácter crítico e transformador

O carácter crítico e transformador do modelo integrador debe entenderse como unha necesaria actitude crítica cara aos modelos de coñecemento sexual dominantes, presentando alternativas que permitan un novo modelo de representación da sexualidade. Desta forma, os criterios de selección de contidos en materia de sexualidade teñen que favorecer a formación de cidadáns críticos e reflexivos, capaces de explicar e transformar a realidade, polo que non deben restrinxirse os contidos senón permitir incorporar o coñecemento elaborado pola humanidade en todos os campos científicos (Barragán, 1995a). Deben permitir transformar as estruturas sociais, culturais e económicas que impiden a felicidade e o pleno desenvolvemento das persoas, favorecendo un modelo integral de comportamento que proporcione o desenvolvemento integral da personalidade e que transforme as actuais relacións de poder. Para iso, posto que ningún modelo é aséptico e obxectivo, pois detrás del subxace unha ideoloxía determinada, é necesario cada vez que se educa en sexualidade presentar varias alternativas posibles e lexítimas, e que o alumnado teña a liberdade de elixir para si mesmo a que considere máis oportuna.

Así mesmo o educador/a sexual debe de explicitar os silencios, o currículo oculto, debe facer que este fale, que se mostre, facilitando así aos seus alumnos/as unha formación rigorosa e fiel á realidade (Torres, 1991). Nesta liña, entre os obxectivos da educación sexual non se pode obviar a perspectiva de xénero, que debe ser consubstancial e traballada de forma conxunta coa dimensión sexual humana, pois nela inscríbese; así a primeira non debe eclipsar á segunda e viceversa, xa que para a elaboración dunha biografía sexual rica e positiva que leve a felicidade e satisfacción persoal, é necesario analizar en profundidade as relacións entre ambos os conceptos.

En definitiva, a educación sexual debe converterse nun instrumento de transformación social e de consecución da felicidade. Para iso haberá que adoptar un modelo que se revele á obediencia e á submisión, e que fomente a crítica e a reflexión que propiciará o cambio. Un sistema que favoreza a adaptación positiva da propia identidade sexual, libre de elementos discriminatorios de xénero, e a optimización das relacións interpersoais, fomentando a tolerancia e incidindo na ética social como medio para evitar riscos e relacións de dominación-submisión. Xa que logo faise necesaria unha "deseducación sexual", un novo modelo alternativo aos anteriores que sexa garantía dunha transformación social e que supoña unha reorganización máis xusta e positiva das estruturas sociais; e non un precursor e instrumento ao servizo dos valores sociais imperantes.

Experiencias innovadoras de Educación Sexual desde un modelo integrador

Desde o noso grupo de investigación levamos a cabo un representativo número de experiencias innovadoras de educación sexual, contextualizadas nun

modelo integrador, e que responderon, en maior ou menor medida á estrutura e obxectivos do *programa coeducativo Agarimos* (Lameiras, Rodríguez, Ojea e Dopereiro, 2004).

O programa coeducativo *Agarimos* é un programa coeducativo de desenvolvemento da personalidade psicoafectivo e sexual, dirixido ao estudiantado de Educación Secundaria Obrigatoria, que parte dunha conceptualización globalizada e sistemática coa que orientar e dirixir a educación dos adolescentes e mocidade. O seu principal obxectivo é promover a intelixencia emocional e o desenvolvemento sexual dos/as adolescentes de Educación Secundaria Obrigatoria, a través dunhas relacións máis xustas e igualitarias entre os xéneros. Estrutúrase en dous grandes bloques temáticos: Autoconecemento e Valoración persoal, no que se incide fundamentalmente en Primeiro Ciclo de ESO, formado polas áreas de Identidade Corporal, Identidade de Xénero e Identidade e Valoración persoal; e Desenvolvemento Psicoafectivo e Sexual, que se traballa principalmente en Segundo Ciclo, e que está constituído polas áreas de Emocións, Relacións Socioafectivas, Conduta Sexual e Saúde Sexual. Destacan dous eixos vertebradores do programa: a identidade corporal e a identidade de xénero, premisas imprescindibles para a elaboración dunha identidade de persoa libre dos condicionamentos do ideal normativo de beleza e dos estereotipos e roles de xénero.

A continuación preséntanse algunhas das *experiencias levadas a cabo desde o marco do programa coeducativo Agarimos*, así como a *avaliación* feita polos alumnos/as participantes e as vantaxes destas intervencións de innovación.

Experiencia I: Da Universidade á Aula

Seguindo a perspectiva, fundamentación, estrutura e obxectivos do programa *Agarimos* desenvolveuse a experiencia "*Da universidade á aula: unha experiencia educativa con estudantes de Educación Secundaria Obrigatoria*", ao longo do curso académico 2003-2004, que xurdiu coa dobre finalidade de dar resposta ás necesidades formativas do alumnado da materia optativa de Psicoloxía da Sexualidade, da titulación de Psicopedagogía (Campus de Ourense); facilitando a toma de contacto cunha realidade educativa concreta, así como a adquisición de coñecementos e habilidades de implementación e avaliación de programas de educación afectivo-sexual; e á súa vez promover o desenvolvemento desa dimensión na escola.

O traballo do alumnado da materia comprendeu as funcións e tarefas relativas ao deseño, implementación e avaliación dun programa de educación afectivo-sexual nun centro de Secundaria da cidade de Ourense; e estivo supervisado pola profesora titular da materia, participando un total de 14 estudantes, 11 mozas e 3 mozos da materia optativa de Psicoloxía da Sexualidade. Os destinatarios/as do programa foron o total dos alumnos/as de 1º de Educación Secundaria Obrigatoria do I.E.S. "As Lagoas", situado na capital ourensá, no barrio do mesmo nome, á beira do campus universitario.

Como se sinalou, os obxectivos e contidos organizáronse atendendo á estrutura do programa *Agarimos*. Priorizándose os contidos das áreas de Identidade Corporal, Identidade de Xénero e Identidade e Valoración Persoal, para adaptarse ao nivel de desenvolvemento e ás características dos/as alumnos/as. Realizáronse 23 actividades escolares e 2 extraescolares. As actividades escolares desenvolvéronse durante a hora de acción tutorial e as

actividades extraescolares, "Radio Coeducativa", levada a cabo en directo nos estudos de "Radio Voz Ourense" e "Xornada de Corresponsabilización", realizada na Universidade Laboral, foron voluntarias e celebráronse puntualmente fóra do horario lectivo, co obxectivo de apoiar o traballo realizado dentro da aula.

Experiencia II: Experiencias de estudantes en radio, televisión e webs

Outras experiencias levadas a cabo no marco do programa *Agarimos*, tamén como prácticas optativas con alumnado da materia optativa de Psicoloxía da Sexualidade, da titulación de Psicopedagogía, tiveron lugar no curso académico 2005-2006. Consistiron na realización dunha serie de programas de televisión, un programa de radio e a creación dunha páxina Web. As tres experiencias de educación sexual foron desenvolvidas por alumnos/as da materia, baixo a dirección e coordinación da profesora da mesma. O obxectivo destas prácticas era dobre: por unha banda pretendíase que os alumnos/as adquirisen coñecementos específicos da materia de Psicoloxía da Sexualidade; por outra banda, a través do desenvolvemento dunha metodoloxía de corte construtivista, queríase favorecer que a mocidade fose non só a verdadeira protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe, senón tamén axente educativo para outra mocidade, aspecto que indubidablemente favorecería a motivación cara á realización das experiencias.

O programa de televisión desenvolveuse en colaboración coa empresa "Telemiño S.A.", que foi a encargada de levar a cabo a gravación dos programas, así como da súa montaxe, que emitiu durante 2007. Polo que respecta ao programa de radio, este emitiuse en falso directo durante o mes de agosto de 2006 na emisora "Punto Radio". Ámbalas dúas experiencias contaron cun total de seis programas. Para o desenvolvemento das mesmas formáronse seis grupos de alumnos/as e asignóuselless, atendendo ás súas preferencias e intereses unha temática concreta, que respondía a cada un dos seis programas elaborados respectivamente de radio e televisión: identidade corporal e sexualidade, identidade de xénero e sexualidade, afectividade e sexualidade, enfermidades de transmisión sexual, métodos anticonceptivos e métodos preventivos. Por outra banda, a serie de programas de televisión sintetizouse nun breve documental de 20 minutos, baixo o título "Co sexo non te cortes: Os mozos no país dos preservativos", que se centrou fundamentalmente nas E.T.S., especialmente o V.I.H./SIDA e nos métodos preventivos existentes; e que constitúe un valioso material didáctico que pode ser utilizado dentro de experiencias máis amplas de educación afectivo-sexual, tanto no ámbito formal como non formal da educación.

Desenvolveuse tamén a Páxina Web www.webs.uvigo.es/sexualidad, que se articula tamén ao redor das seis áreas temáticas expostas para os programas de radio e televisión. Incluindo en cada unha delas: contidos, enlaces de interese e autores/as. Constitúe tamén un importante recurso de apoio aos procesos de ensino-aprendizaxe da dimensión psicoafectiva e sexual de adolescentes e mocidade.

Avaliación das experiencias de innovación

Para a *avaliación da primeira experiencia* realizouse unha entrevista escrita de carácter aberto ao alumnado de Psicoloxía da Sexualidade na que se lle pedía que valorase esta experiencia educativa. Foron os alumnos/as os que sinalaron aqueles aspectos que querían destacar, enfatizando os elementos máis

significativos para eles e articulando o seu discurso libremente, expresándose coas súas propias palabras. O proceso de análise dos textos levouse a cabo por indución analítica, sen unha categorización a priori, sen condicionar nin limitar en ningún momento as argumentacións dos alumnos/as. E a estrutura conceptual resultante extraeuse das propias redaccións, atendendo a unha "categorización naturalista".

Na avaliación deriváronse tres categorías: Valoración a nivel formativo, valoración a nivel persoal e interese da experiencia en si mesma. En relación á *valoración a nivel formativo*, o estudantado destacou a adquisición de coñecementos específicos sobre sexualidade, así como de habilidades de deseño, implementación e avaliación de programas; e a maior capacidade de enfrontarse a unha realidade educativa concreta a partir da experiencia. A nivel actitudinal puxeron de relevo unha maior positivización da dimensión sexual humana. A *nivel persoal* mostráronse moi satisfeitos/as de participar na experiencia, destacando o enriquecemento persoal. Finalmente, destacaron o *interese da experiencia en si mesma*, baseado na necesidade de levar a cabo propostas de educación sexual na escola e na necesaria concienciación do colectivo docente e das familias, que non poden seguir obviando por máis tempo a súa responsabilidade nesta importante tarefa.

Esta primeira experiencia tamén foi avaliada polos destinatarios do programa aplicado polo alumnado en prácticas, para isto combinouse un *estudio cuasi-experimental na súa variante pre-post con un grupo de cuasi-control* (Montero e León, 2005), que se aplicou nas fases de avaliación inicial e final; e un *estudio cualitativo* descritivo que se aplicou na avaliación do deseño curricular e na avaliación do proceso de intervención. Utilizando instrumentos tanto de corte cualitativo como cuantitativo. Nos resultados obtidos, a efectividade do programa vese avalada pola existencia de diferenzas significativas entre o grupo control experimental nas variables de coñecementos sobre órganos sexuais, coñecementos sobre nutrición e actitudes sexistas (Carrera et al., 2007). Estes resultados son avalados polos datos derivados da avaliación cualitativa (Lameiras, Carrera, Núñez e Rodríguez, 2006), na que ademais se comproba un aumento dos coñecementos sobre emocións, relacións socioafectivas e conduta sexual, así como unhas actitudes substancialmente máis positivas cara á sexualidade. Os alumnos/as puxeron de manifesto, a través dunha entrevista escrita de carácter aberto, a súa satisfacción co programa e coa metodoloxía do mesmo, así como a necesidade de levar a cabo este tipo de experiencias.

En canto a *segunda experiencia* "Experiencias de estudantes con radio, televisión e webs", para a súa avaliación, administrouse un cuestionario formado por 20 cuestións de carácter pechado e aberto, relativas a satisfacción coas actividades realizadas, en concreto cos contidos traballados e a metodoloxía utilizada. Os/as estudantes valoraron positivamente a experiencia, principalmente en relación ao incremento das súas habilidades e destrezas profesionais, así como a importancia da experiencia en si mesma como fonte de formación para outros adolescentes, mozos e mozas, contribuindo á formación integral da dimensión sexual humana.

Vantaxes das experiencias de innovación

A principal vantaxe destas experiencias é o seu carácter constructivista, baseado fundamentalmente nunha metodoloxía activa, participativa e interactiva (Solé y Coll, 1993), que convirte ao alumnado universitario en protagonista do

seu propio proceso de aprendizaxe, e, á súa vez, nun axente de formación para outros adolescentes e mozos/as, o que favorece non só unha aprendizaxe máis eficaz e una interiorización máis significativa dos contidos da materia, senón tamén un estímulo moi positivo para o desenvolvemento da súa autoestima. Ao mesmo tempo que potencia a adquisición dunhas actitudes máis positivas cara a dimensión sexual humana.

Tamén temos que destacar a vantaxe relativa á súa compoñente extensiva, tanto no caso do programa levado a cabo en Secundaria, favorecendo o desenvolvemento da dimensión sexual dos adolescentes destinatarios dende un modelo integral de sexualidade; como das experiencias relativas á radio, televisión e webs, no sentido de que constitúen importantes recursos educativos cos que poder desenvolver intervencións de educación sexual máis amplas, tamén desde un modelo integrador e democrático.

En canto aos inconvenientes das experiencias, unicamente sinalar ás dificultades de organización dos grupos de alumnos/as voluntarios, o ter que conectar con institucións e realidades alleas ao medio universitario. Neste sentido, destacan as reticencias dos centros educativos a enrolarse en experiencias compartidas con alumnos/as universitarios de prácticas nunha materia tan controvertida como aínda é a educación sexual.

Conclusiones

É preciso e urxente humanizar o coñecemento sexual, o que pasa por educar na sexualidade atendendo a toda a complexidade da dimensión sexual humana, á súa comprensión e ao seu cultivo desde un punto de vista crítico e creativo. Isto implica ofrecer claves explicativas, que estimulen o pensamento creando inquietudes para poder comprender a propia experiencia dentro dun marco organizado de coñecementos. Xa que logo, é necesario pasar desta educación sexual "engulida" pola saúde, e que promove unha pedagogía do desencontro, da desconfianza e do medo, a un modelo de educación sexual máis razoable que promova un "ars amandis" no que o as relacións socioafectivas se rexan polo encontro, a intimidade e o goce mutuo. Para a consecución deste obxectivo as experiencias de innovación educativa levadas a cabo desde un modelo integral ou democrático de educación sexual, como as que se presentan neste traballo, constitúen un valioso recurso.

Referencias bibliográficas

Amezúa, E. (1978). Una nueva forma de ver y de vivir la sexualidad. Curso de Educación Sexual 2. *Revista Vida Sanitaria*, 2, 31-38.

Amezúa, E. (1999a). Teoría de los sexos. La letra pequeña de la sexología. *Revista Española de Sexología*, 95-96. Monográfico. Madrid: INCISEX.

Amezúa, E. (1999b). Diez Textos Breves. *Revista Española de Sexología*, 91. Monográfico. Madrid: INCISEX.

Amezúa E. (2001) La educación de los sexos. *Revista Española de Sexología* 107-8. Monográfico. Madrid: INCISEX.

Barragán, F. (1990). Selección de contenidos en ciencias sociales. *Currículo*, 1, 93-105.

Barragán F. (1995). Sexualidad, educación sexual y promoción de la salud. *Escuela Andaluza de Salud Pública, 4*, 23-6.

Barragán, F. (1995). Currículum, poder y saber. Un análisis crítico de la educación sexual. *Anuario de Sexología, 1*, 83-90.

Barragán F. (1997). *Sexualidad y currículum: Una perspectiva interdisciplinar*. Santiago de Compostela: Tórculo.

Carrera, M.V., Lameiras, M., Foltz, M., Núñez, A.M. y Rodríguez, Y. (2007). Evaluación cuantitativa de un programa de educación sexual con estudiantes de Educación Secundaria Obligatoria. *International Journal of Clinical and Health Psychology, 7(3)*, 739-751.

De la Cruz, C. (2003). Educación de las sexualidades. Los puntos de partida de la Educación Sexual. *Revista Española de Sexología, 119* (monográfico). Madrid: INCISEX

Font, P. (1995). Propuestas para la integración de la educación afectivo-sexual en la escuela. *Escuela Andaluza de Salud Pública, 4*, 112-121.

Foucault, M. (1978). *Historia de la Sexualidad. Vol.1. La voluntad de saber*. Madrid: Siglo XXI. (Versión original, 1976).

Kirby, D. (1997). *No easy answers: Research Findings Programs to Reduce teen pregnancy*. Washington D.C.: National Campaign to Prevent Teen Pregnancy.

Lameiras M. (2000). Los abusos sexuales a menores. En M.Lameiras y J.M. Failde (Eds), *La Psicología Clínica y de la Salud en el siglo XXI. Posibilidades y retos*. Madrid: Dykinson.

Lameiras, M. (2002) *Los abusos sexuales en la infancia. Abordaje psicológico y jurídico*. Madrid: Biblioteca Nueva.

Lameiras, M., Carrera, M. V., Núñez, A., y Rodríguez, Y. (2006). Evaluación de un programa de educación sexual con adolescentes: una perspectiva cualitativa. *Revista Diversitas. Perspectivas en Psicología, 2(2)*, 193-204.

López, F. (2005). *La educación sexual*. Madrid: Biblioteca Nueva.

Malón, A. (2003). Abusos sexuales infantiles: Del discurso de la violencia a la violencia del discurso. *Revista Española de Sexología, 120* (monográfico). Madrid: INCISEX.

Malón, A. (2004). Infancia, sexualidad y peligro. El moderno discurso del abuso en las sociedades contemporáneas. *Revista Española de Sexología, 121-122* (monográfico). Madrid: INCISEX.

Montero, I. y León, O.G. (2005). Sistema de clasificación del método en los informes de investigación en Psicología. *International Journal of Clinical and Health Psychology, 5(1)*, 115-127.

Oliveira, M. (1998). *La educación sentimental*. Barcelona: Icaria.

Solé, I. y Coll, C. (1993). Los profesores y la concepción constructivista. En C. Coll, E. Martín, T. Mauri, M. Miras, J. Onorrubia, I. Solé y A. Zabala (Eds.), *El constructivismo en el aula* (pp.7-23). Barcelona: Grao.

Tiefer, L. (1996). *El sexo no es un acto natural, y otros ensayos*. Madrid: Talasa.

Torres, J. (1991). *El currículum oculto*. Madrid. Morata.

Torres, J. (2006). *La desmotivación del profesorado*. Madrid: Morata.

Vance, C. S. (1991). Anthropology rediscovers sexuality: A theoretical comment. *Social Science Medicine*, 33(8), 857-884.